



Instituto de Investigación Sanitaria  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

## **Presentada unha Tese Internacional sobre o avance dun tratamento para doentes tras un ictus, baseado na aplicación da nanotecnoloxía**

**O Grupo de Neurociencias Clínicas do Hospital Clínico traballa dende hai anos na busca dun fármaco que axude a reducir as lesións neuronais tras un ictus, xa que os tratamentos actuais apenas poden beneficiar a un 20% dos doentes**

-----

**A Tese Doutoral, realizada no Laboratorio de Neurociencias Clínicas do *IDIS*, e presentada polo investigador Andrés da Silva, foi dirixida polos doutores Francisco Campos, Tomás Sobrino e José Castillo**

**Santiago, 03 de decembro 2018.-** Andrés da Silva, investigador do Laboratorio de Neurociencias Clínicas do IDIS, ven de presentar a súa Tese Internacional sobre os avances producidos na busca dun tratamento baseado na nanotecnoloxía para os doentes tras sufrir un ictus. Titulada “Nanoneuroprotección against glutamatergic excitotoxicity in ischemic stroke” obtivo a cualificación de sobresaliente cum laude.

A tese afonda nun proxecto no que o Grupo de Neurociencias do Hospital Clínico de Santiago (*IDIS*) ven traballando dende hai anos, co obxectivo de atopar un fármaco que puidese axudar a reducir as lesións neuronais tras un ictus. Buscan un tratamento que puidese ser administrado a un gran numero de pacientes, xa que os tratamentos actuais apenas poden beneficiar a preto dun 20% dos doentes. O reto desta Tese era acadar unha estratexia terapéutica que se puidese aplicar mesmo antes da chegada do doente a un centro hospitalario, é dicir nun centro de saúde ou no propio transporte sanitario, xa que poder administrar un tratamento nas primeiras horas é vital para reducir secuelas e mesmo para a supervivencia.

Ao longo dos catro anos de elaboración desta Tese doutoral, en colaboración co laboratorio da Prof. Mabel Loza (*IDIS*) e o Prof. Eddy Sotelo, ambos da USC, atopouse un novo fármaco con eficacia terapéutica durante a fase inicial do ictus e que foi probada nunha poboación de 50 doentes con ictus isquémicos. Dentro do marco da liña de investigación desta Tese, e co obxectivo de incrementar a eficacia deste novo fármaco, en colaboración con Prof. Samir Mitragotri da Universidade de Harvard, ideouse tamén un novidoso sistema de nano-encapsulación capaz de dirixir o tratamento a rexión cerebral afectada.

Esta Tese ten carácter internacional, polo que a súa defensa fíxose ante un Tribunal Internacional de alto prestixio integrado pola Prof. Carmen Álvarez-Lorenzo da USC, e referente internacional no campo da farmacoloxía aplicada, o Prof. José Vivancos, referente internacional no campo do ictus cerebral e Xefe de Servicio do Hospital Universitario La Princesa de Madrid, e como membro internacional do Tribunal o Prof. Wolfgang J. Parak da Universidade de Hamburgo, tamén referente internacional no campo da nanotecnoloxía.

**Saúdos**